

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz González, M<sup>a</sup> Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
García Cutrín, Francisco Javier  
Garrote Velasco, Gil  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, Isela  
Montero Reguera, José Francisco  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Falagán Mota, Jorge  
Fernández Suárez, Emilio  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Paz Penín, Concepción  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel  
Diz Folgar, Manuel  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel  
Rúa Estévez, José Manuel  
Vázquez Alonso, Aroa

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoan

### CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César  
Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Ferreiro Vázquez, Óscar  
González Santamaría, Pedro  
Lorenzo Rodríguez, Edita de  
Torres Romay, Emma

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 05 de abril de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 05 de abril de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

• *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

• *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*



Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

**1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do venres 11 de marzo de 2022.**

O reitor informa de que non se recibiron alegacións á acta.

Apróbase por asentimento a acta.

**2. Informe do reitor.**

O reitor comeza cun recordo para o alumno Antón Couso Viana, da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía recentemente falecido.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Contratos de investigadores relativos ó artigo 83 da LOMLOU: nova normativa. A ministra de Ciencia e Innovación, Diana Morant, e o titular de Universidades, Joan Subirats, avanzaron o adiantamento de medidas para a contratación de investigadores previstas na Ley de la Ciencia. Os contratos de investigadores non consumirán taxa de reposición e non requirirán aprobación previa. En breve, argallaremos o sistema para levar a cabo estas contratacións.
- FERIA Científica UCC no Berbés.
- Visita a Galicia do Ministro de Universidades.
- Visita do embaixador de Portugal.
- Convenio coa Deputación de Ourense – apoio á titulación de Turismo.
- XXI Xornadas anuais dos servizos de inspección das Universidades españolas.
- Evento da Cátedra Telefónica: Ágora, a colaboración público – privada.
- Sinatura do convenio R – UdC – Uvigo.
- Consorcio Asociación Inventia.
- Visita á ECIMAT de Susan Steele, directora axencia de pesca en Vigo.
- A Facultade de Ciencias Xurídicas e Traballo homenaxeou a Xosé Lois Franco Grande.
- Zona Franca volta a promover a Cátedra Ardán.

**3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2022/2023 do CUD-ENM.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral que explica que este asunto quedou pendente do Consello anterior. O calendario, que foi remitido á Secretaría Xeral polo propio centro adscrito enviouse xunto coa documentación, sendo moi semellante ao aprobado o pasado curso, e axustado á orde ministerial correspondente.

Apróbase o calendario académico do CUD-ENM, por asentimento.



**4. Aprobación, se procede, da convocatoria do plan de promoción de Profesorado Asociado Acreditado para o curso 2022/23.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado (VOAP), que explica os seguintes aspectos:

Son 5 prazas de AXD.

Cambio nos criterios de selección:

*b) Ter sido contratado como Profesor/a Asociado/a na Universidade de Vigo durante os 3 anos anteriores de forma ininterrompida, e durante polo menos 7 anos no últimos 10 anos.*

Solicitud por sede electrónica (ata 22 de abril).

O vicerreitor agradece á representación sindical.

Marta Pazos comenta unha incidencia coa sede electrónica e o certificado electrónico, sinalando que debería poder permitirse o procedemento habitual e o reitor aclara a cuestión, sinalando que o importante é acelerar o proceso. Ampliaranse as funcionalidades da sede a este respecto. O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado insiste na idea.

Apróbase, por asentimento.

**5. Aprobación, se procede, da normativa para a regulación dos concursos de PDI con cargo a proxectos, axudas, grupos e convenios de investigación e transferencia do coñecemento.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado que explica o esquema:


I. Disposicións xerais

II. Convocatorias

III. Avaliación e fase de selección

IV. Resolución e formalización

Disposicións Adicional e Transitoria.



Apróbase, por asentimento.

**6. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de grao para o curso 2022/23.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón o seguinte:

Cod. RUCT	TITULACIÓN DE GRADO	CENTRO	CURSO 2021/22	CURSO 2022/23
	Grao en Intelixencia Artificial	Escola Superior de Enxeñaría Informática	-	50*
	Grao en Relacións Internacionais	Facultade de Relacións Internacionais	-	22*
	Grao en Deseño	Facultade de Deseño	-	45*
	Grao en Enxeñaría da Automoción - Mención Dual -	Escola de Enxeñaría Industrial	-	20*
2501116	Grao en Administración e Dirección de Empresas	IESIDE	60	-

Cod. RUCT	TITULACIÓN DE GRADO	CENTRO	CURSO 2021/22	CURSO 2022/23	VARIACIÓN
2501125	Grao en Turismo	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	55	45	-10
2502243	Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas e Enerxía	50	30	-20
2503668	Grao en Enxeñaría Biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	44	40	-4
2501202	Grao en Enfermaría	E. U. de Enfermaría (Ourense)	55	60	+5
2501202	Grao en Enfermaría	E. U. de Enfermaría Povisa (Vigo)	77	80	+3
2501123	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	72	80	+8
2501126	Grado en Grao en Enxeñaría Informática	Escola Superior de Enxeñaría Informática	147	150 (170)	+3
2501118	Grao en Dereito	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	70	80	+10
2502251	Grado en Ingeniería Mecánica	Centro Universitario de la Defensa (Marín) (*)	82	*	-
2501120	Grao en Educación Infantil	Escola Universitaria de Profesorado de E.X.B. "María Sedes Sapientiae"	75	*	-
2501121	Grao en Educación Primaria	Escola Universitaria de Profesorado de E.X.B. "María Sedes Sapientiae"	75	*	-

As indicacións en amarelo só irán en función de como se desenvolvan as negociacións, pero non se ofertarán de entrada.

Apróbase, por asentimento.

## 7. Aprobación, se procede, do límite de prazas de titulacións de mestrado para o curso 2022/23.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado quen explica o seguinte:

Cod. RUCT	TITULACIÓN DE MÁSTER	CENTRO	CURSO 2021/22	CURSO 2022/23
	Máster Universitario en Intelixencia artificial (interuniversitario)	Escola Superior de Enxeñaría Informática	-	20*
	Máster Universitario en Enxeñaría Biomédica	Escola de Enxeñaría Industrial	-	20*
	Máster Universitario en Exercicio Terapéutico e Funcional en Fisioterapia	Facultade de Fisioterapia	-	20*
	Máster Universitario en Ensinanza do Español como lingua estranxeira ou segunda lingua (MIELES) (Interuniversitario)	Facultade de Filoloxía e Tradución	-	8*
	Máster Universitario en Enxeñaría Aeronáutica	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	-	30*
4312204	Máster Universitario en Dirección e Administración de Empresas (MBA)	IESIDE	60	-



### Grao en Relacións Internacionais.

Historia das Relacións Internacionais I	6	FB	H05 - Historia, Arte e Xeografía (A0445 - Historia Antiga)
Xeodemografía	6	FB	H05 - Historia, Arte e Xeografía (A0010 - Análise xeográfica rexional)
Xeografía política	6	FB	H05 - Historia, Arte e Xeografía (A0010 - Análise xeográfica rexional)
Antropoloxía dos problemas globais	6	FB	D00x01 - Análise e intervención socioeducativa (A0030 - Antropoloxía social)
Sistemas de Información e Análise de Datos	6	OB	D00t15 - Informática (A0570 - Linguaxes e sistemas informáticos)
Idioma estranxeiro - I- Francés	6	OB	D00h04- Filoloxía inglesa, francesa e alemá (A0335 - Filoloxía francesa)
Teoría das relacións internacionais	6	FB	D00x11 - Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía (A0070 - Ciencia política e da administración)
Socioloxía da globalización	6	FB	D00x11 - Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía (A0775 – Socioloxía)
Ética de la globalización e dereitos humanos	6	FB	D00x11 - Socioloxía, ciencia política e da administración e filosofía (A383 - Filosofía moral)
Economía da globalización	6	FB	D00x08 - Fundamentos da análise económica e historia e institucións económicas (A0415 - Fundamentos da análise económica)
Idioma estranxeiro - I- Alemán	6	OB	D00h04 - Filoloxía inglesa, francesa e alemá (A0320 - Filoloxía alemana)

### Grao en Deseño.

Teoría, crítica e historia do deseño I	6	FB	H05 - Historia, Arte e Xeografía (A0465 - Historia da Arte)
Expresión artística: Fundamentos do debuxo	6	FB	H09 – Debuxo (A0185 Debuxo)
Laboratorio de materiais	6	OB	H09 - Debuxo (A0185 Debuxo) H08 - Pintura (A0690 Pintura)
Fundamentos do Deseño I	6	OB	X05 - Didácticas Especiais (A0193 - Didáctica da expresión plástica)
Técnicas informáticas I: Imaxe dixital	6	FB	H09 - Debuxo (A0185 Debuxo)
Expresión artística: Fundamentos da Cor	6	FB	H08 - Pintura (A0690 Pintura)
Laboratorio integrado: Procedementos I	6	OB	H09 - Debuxo (A0185 Debuxo)
Fundamentos do Deseño II	6	OB	H09 - Debuxo (A0185 Debuxo)
Sistemas de Representación	6	FB	T01 - Deseño na Enxeñaría (A0305 - Expresión gráfica na enxeñaría)
Técnicas informáticas II: Edición dixital	6	FB	X14 - Comunicación Audiovisual e Publicidade (A0105 Comunicación Audiovisual e Publicidade)

### Grao en Intelixencia Artificial.

Non hai adscrición a Áreas por parte dos departamentos.

Matemáticas: Álgebra	6	FB	C06 - Matemáticas (-)
Matemáticas: Cálculo e Análise Numérico	6	FB	C06 - Matemáticas (-)
Informática: Programación I	6	FB	T15 – Informática (-)
Informática: Introducción ás computadoras	6	FB	T15 – Informática (-)
Matemáticas: Matemática Discreta	6	FB	C06 - Matemáticas (-)
Informática: Adquisición e Procesamento do Sinal	6	FB	T07 - Enxeñaría de sistemas e automática (A0520 - Enxeñaría de sistemas e automática)
Matemáticas: Estatística	6	FB	C05 - Estatística e investigación operativa (A0265 - Estatística e investigación operativa)
Informática: Lóxica	6	FB	T15 - Informática (-)
Informática: Programación II	6	FB	T15 - Informática (-)
Empresa: Xestión das Organizacións	6	FB	X09 - Organización de empresas e márketing (-)

Cambios de adscripcións solicitas por departamentos:

DEPARTAMENTO	TITULACIÓN	MATERIA	OFERTA PDA	AREA COÑECEMENTO ASIGNADA	OBSERVACIÓNS
Enxeñaría Química (T04)	Enxeñaría Forestal	Industrias químicas da madeira, celulosa, pasta e papel	T06 (2021/22) T04 (2022/23)	A0555-Enxeñaría Química	Cambio de departamento de asignación. Informe favorable departamento T06.
Química Inorgánica (C09)	Todas Enxeñerías EEI	Química	C09, C11, C12, T04 (Curso 2021/22) C09, C11, C12, T04 (Curso 2022/23)	A0760-Química Inorgánica A0755-Química Física A0765-Química Orgánica A0555-Enxeñaría Química	Mesma asignación curso 2021/22. C09 - 2 grupos A (88 horas)
Socioloxía, Ciencias Políticas e da Administración e Filosofía (X11), Análise e Intervención Psicosocioeducativa (X01)	Educación Social	Xénero e Educación Social	x11 (2021/22) X01, X11 (2022/23)	A0680-Personalidade, avaliación e tratamentos psicolóxicos A0375-Filosofía	Acordo ambos departamentos e áreas para compartir materias
Enxeñaría Eléctrica (T02)	Enxeñaría da Enerxía	Instalacións Eléctricas	T02	A0535-Enxeñaría Eléctrica	Materia nova
Enxeñaría Eléctrica (T02)	Enxeñaría da Enerxía	Sistemas Eléctricos de Potencia	T02	A0535-Enxeñaría Eléctrica	Materia nova
Enxeñaría Eléctrica (T02)	Enxeñaría da Enerxía	Xeración Renovable e Convencional	T02	A0535-Enxeñaría Eléctrica	Materia nova

Proponse aprobar as propostas en verde, coma as outras que aparecen en negro, dado que non supoñen alteracións substanciais.

Apróbase, por asentimento.

### 9. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) de titulacións de mestrado para o curso 2023/23.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, que expón os seguintes cadros:

Máster	Norma	Solicitud	COAP
Máster Universitario en Desafíos das Cidades Atlánticas	-	99,5	<b>99,5</b>
Máster Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda	676	678 (+2)	<b>678</b>
Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada	315	317,5 (+2,5)	<b>317,5</b>
Máster Universitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	210	220 (+10)	<b>220</b>
Máster Universitario en Bioloxía Mariña	316	342 (+26)	<b>342</b>
Máster Universitario en Tradución para a Comunicación Internacional	530	568 (+38)	<b>530</b>

O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado explica a situación da sexta petición e a causa de que non proceda atendela, dado que non encaixa coa normativa.

Apróbase, por asentimento, tal e como resultaron da COAP.

### 10. Aprobación, se procede do Regulamento de Réxime Interno do CIM.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que indica o procedemento seguido e o esquema xeral do regulamento, que é o seguinte:

- Capítulo I. Disposicións xerais.
- Capítulo II. Estrutura e gobernanza.
- Capítulo III. Adscripción de persoal investigador e grupos de investigación ao CIM.



- Capítulo IV. Réxime económico e xestión de recursos económicos e funcionamento admntvo.
- Capítulo V. Avaliación e seguimento.
- Capítulo VI. Política de espazos.
- Capítulo VII. Política de infraestruturas.
- Capítulo VIII. Política de publicación e visibilización do CIM.
- Capítulo IX. Política de igualdade.
- Disposición final.

Apróbase, por asentimento.

### **11. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias para a mobilidade do persoal investigador da Universidade de Vigo, 2022.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación quen indica o seguinte (en vermello, os cambios introducidos respecto da anterior convocatoria):

*ESTADÍAS PARA DOUTORAMENTO INDUSTRIAL:*

*No caso de programas de doutoramento coa mención de «Doutoramento Industrial», as estadías tamén poderán ser realizadas en **empresas** do sector público ou privado radicadas fóra de Galicia directamente relacionadas co proxecto de tese de doutoramento.*

*Contido:*

*1. Breve resumo (150-200 palabras), do traballo de investigación que se vai realizar xustificando o seu interese e a relación da empresa elixida para realizar a estadía coa súa tese de doutoramento no caso de programas coa mención de «Doutoramento Industrial»*

*No caso dos programas coa mención de «Doutoramento Industrial» será necesario ademais a oportuna autorización da empresa na que se desenvolve a tese.*

*Financiamento:*

*A cantidade estimada para as axudas de estadías en centros de investigación é de 60.000 euros e a estimada para viaxes de 20.000. Sen embargo, no caso de que haxa solicitudes na lista de agarda, os importes poderán empregarse indistintamente nunha ou noutra modalidade ata o límite máximo de 80.000 euros.*

*E. Producción artística.*

*Considérase produción artística o comisariado ou exposición de obra en galerías de arte profesionais ou en espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afccionada.*

*O órgano instrutor consultará en cada convocatoria coa Facultade de Belas Artes a listaxe de galerías de arte profesional e os espazos expositivos de institucións públicas ou privadas con programación regular non afccionada.*

*Non se considerarán produción artística os traballos fin de grao ou de mestrado.*

Apróbase, por asentimento.

## 12. Aprobación, se procede, da convocatoria de axudas propias á investigación da Universidade de Vigo para o ano 2022.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación que explica, en primeiro lugar, o esquema:

- I. Contrato-Programa (incorpora unha nova modalidade).
- II. Proxectos Internacionais.
- III. Reparación equipamento.
- IV. Organización de congresos.
- V. Montaxes e exposicións.
- VI. Visita de investigadores e investigadoras (suspendida pola COVID o ano anterior).

CONTRATOS-PROGRAMA CON GRUPOS DE INVESTIGACIÓN	00VI 131H 641.02	80.000
AXUDAS Á PREPARACIÓN DE PROXECTOS INTERNACIONAIS DE I+D+i	00VI 131H 641.02	40.000
AXUDAS Á REPARACIÓN DE EQUIPAMENTO CIENTÍFICO	00VI 131H 641.02	5.000
ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS E REUNIÓN CIENTÍFICAS	00VI 131H 641.05	45.000
AXUDAS PARA A REALIZACIÓN, COMISARIADO E MONTAXE DE EXPOSICIÓNS ARTÍSTICAS	00VI 131H 641.05	10.000
VISITA DE INVESTIGADORES E INVESTIGADORAS	00VI 131H 641.05	10.000

Nova modalidade de contrato-programa: A.1.2: Contratos programa con grupos de Investigación constituídos a partir do 30/06/2021.

- Especificamente, para aqueles grupos de investigación que se constituíran a partir do 30 de xuño de 2021 e acrediten os requisitos mínimos tanto de composición como de actividade no período 2019-2021 previstos no apartado 2 do Anexo II-grupos con potencial de crecemento-da convocatoria 2022 de axudas á consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas (DOG do 02/02/2022).
  - A.1.2: A contía da axuda será a que determine a Comisión de Investigación unha vez resolta a Convocatoria 2022 da Xunta de Galicia de Axudas para a Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación Competitivas do Sistema Universitario de Galicia non podendo exceder, en ningún caso, a especificada para a modalidade A.1.1.
  - En todo caso, terán prioridade as axudas da modalidade A.1.1., polo que non se concederán as axudas da modalidade A.1.2 ata que non estean resoltas as da modalidade A.1.1.
  - A.1.2: A Comisión de Investigación para a avaliación da produción e calidade científica das solicitudes admitidas dará prioridade as solicitudes, e a súa posible financiación, en función da produción de investigación e transferencia media do ano 2020 dos integrantes do grupo. Os grupos beneficiarios teñen a obriga de participaren na convocatoria 2023 do programa de consolidación.
- III. Reparación de equipamento: Poderán solicitar esta axuda tamén os grupos recoñecidos pola Xunta de Galicia como grupos de referencia competitiva (GRC) e grupos de potencial crecemento (GPC).

Apróbanse, por asentimento.



### 13. Aprobación, se procede, do programa de Accións Estratéxicas de Investigación (AEI) Uvigo 2023-2025.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, que expón o seguinte:

#### ANTECEDENTES:

- 2010, 2013, 2018 Contrato-programa, Programa-soporte.
- Solicitante: Persoal Investigador, GI, conxunto de Gis, AE, CSI.
- Ingresos: PC e PT, Transferencias, Redistribucións, Art. 83, Proxectos europeos, Recursos de Departamentos, Ingresos congresos, xornadas, cursos,...
- Cantidade mínima: 8.000 €.
- Prazo máximo: 4 anos.
- Gastos: Inventariable, Funxible, Persoal, Viaxes, Dietas, Reparacións, Subcontratacións, Bolsas.
- Gasto mínimo: 50% (mesmo ano) 25% (ano anterior).

#### Programa de Accións Estratéxicas de Investigación (AEI):

- Proporciona un **escenario estable na financiación** a grupos, institutos ou centros de investigación.
- Posibilita o mantemento das actividades de investigación mais aló do peche de cada exercicio económico ou da duración dun proxecto ou contrato.
- Principais novidades:
  - **Rebaixa o mínimo** para poder participar.
  - Un posible gasto son as **retribucións a PDI**.
  - Pódese solicitar en calquera momento do ano.
  - **Non hai obriga de gasto.**

#### SOLICITANTES:

Investigadores principais ou directores de:

- Grupos de investigación.
- Agrupamentos de investigadores.
- Conxuntos de grupos de investigación.

Responsables ou directores de:

- Agrupacións estratéxicas.
- Institutos universitarios.
- Centros de investigación.

#### PROCEDEMENTO:

Solicítase á vicerreitoría de Investigación indicando:

- Composición do agrupamento.

- Actividades de I+D+i previstas.
- Ingresos iniciais.
- Estimación aproximada dos gastos a realizar.

Unha modificación do persoal investigador participante deberá ser autorizada pola vicerreitoría. A baixa de participantes non suporá en ningún caso a retirada dos fondos previamente aportados á acción. A solicitude de apertura ou prórroga dunha AEI estará **aberta todo o ano**, agás nas datas de peche do exercicio económico.

#### CONDICIÓNS:

Duración inicial de un, dous ou tres anos, considerados dende 1 de xaneiro ata 31 de decembro, prorrogable por períodos anuais ata unha duración total máxima de tres anos, prorrogables unha vez (un ano), sempre que se dispoña do financiamento mínimo anual esixido.

O financiamento mínimo necesario é de 5.000 € por ano. Ademais da dotación inicial, poderán efectuarse dotacións de fondos adicionais durante o período de vixencia.

INGRESOS: A aplicación orzamentaria da AEI-UVIGO poderá dotarse con:

- Os importes de Producción de investigación e Producción de transferencia que correspondan.
- Transferencias de crédito doutras aplicacións orzamentarias, sempre que cumpran co establecido nas normas de execución do orzamento.
- Redistribucións de crédito efectuadas dende as aplicacións que xestiona a Vicerreitoría de Investigación.
- Ingresos derivados de actividades de mecenado ou doazóns.
- Ingresos xerados por congresos, xornadas ou cursos unicamente si os gastos asociados a estes eventos foron imputados na mesma aplicación orzamentaria.
- Recursos correspondentes aos **custos indirectos (a porcentaxe que actualmente vai a departamentos)** asociados as actividades amparadas no artigo 83 da LOU.
- Outros recursos non finalistas.

GASTOS: Poden imputarse co cargo á AEI-UVIGO os gastos derivados da execución de actividades de I+D+i:

- Material funxible, incluíndo material informático e de oficina.
- Material inventariable.
- Contratación laboral de persoal.
- Desprazamentos e indemnizacións por razón de servizo.
- Custos de reparacións e mantemento de equipos e instalación.
- Contratación de servizos externos.
- Outros gastos.
- **Retribucións extraordinarias ao persoal participante, considerando o disposto na normativa vixente aplicable.**
- **Non é posible financiar bolsas.**

SEGUIMIENTO: A execución de gasto no programa AEI debe reflectir claramente a actividade investigadora do grupo e permitir o mellor desenvolvemento das súas actividades. A dotación de crédito para os sucesivos exercicios o da súa aprobación farase en función da execución do exercicio anterior. A dotación orzamentaria anual para o conxunto destas actividades será, inicialmente, de **1,5 M€**. O persoal investigador coordinador da AEI deberá presentar, no mes seguinte á finalización da vixencia da acción ou xunto coa solicitude de prórroga, de ser o caso, un breve **informe das actividades realizadas** e os resultados obtidos. Os programa-soporte con data de finalización en 2022 poden solicitar a transformación a AEI.

Rebeca Díaz pregunta sobre a participación dos/as directores/as de centro e os investigadores/as e pregunta se é como solicitante, poñendo un exemplo concreto. Pregunta se o que pode estar en dúas é o solicitante. A vicerreitora aclara a cuestión respecto dos/as investigadores/as. Se trata de que a xente elixa, agás o/a director/a. Rebeca Díaz pregunta tamén sobre o custo indirecto do 10% e pregunta se se retirou. A vicerreitora comenta que se fixo un estudo e que foi retirado. O reitor explica mais extensamente esta cuestión e a solución adoptada, comentando que ten lóxica eliminalo, dados os problemas orzamentarios que plantea a súa acumulación, pensando asemade na flexibilización que permita a contratación de investigadores estables contando con esta partida para persoal.

Apróbase, por asentimento.

#### **14. Aprobación, se procede, dos efectos académicos e retributivos do cargo de Director Adxunto de Centro de Investigación aos de Director de Centro de Investigación.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado, quen explica en que consiste o punto: no último Consello de Goberno aprobouse un complemento que, no caso de CITMAGA, centro interuniversitario, no encaixaba respecto do cargo previsto e se trata de adaptalo. O reitor comenta que se pedirá un nomeamento propio da Universidade de Vigo.

Apróbase, por asentimento.

#### **15. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:**

- **Comisión de Investigación: 1 estudante e 1 PDI**

O reitor informa de que non se presentaron candidaturas, polo que non procede celebrar eleccións.

#### **16. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.**

O Reitor informa de que non se presentaron candidaturas, polo que non procede celebrar eleccións.



### **17. Quenda de intervencións.**

O reitor abre a quenda de intervencións.

Sen máis asuntos na orde do día, remata a sesión ás 10:45 h do día 05 de abril de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral